

Traballos manuais sostibles

**REDUCE,
REUTILIZA E
RECICLA!**



Somos inspiración.
Lemos con outra ollada.
Procuramos historias que nos fagan medrar
coma se fósemos sementes.
Sementes que xermolan e nos fan soñar
que cambiamos o mundo.
Porque somos presente e tamén futuro.
Fagamos que o cambio medre!
Cada pequena acción suma.
Actuamos con responsabilidade
na nosa comunidade
e contribuímos a crear un mundo
máis sustentable.
Colleitamos ideas, inventamos historias
que nos emocionan, divirten e educan,
que nos provocan e transforman.

O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS SOMOS ECOLECTORES

oqueleo

O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS



2022, Sanoma Infantil y Juvenil, S. L. O queleo é unha marca rexistrada, directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L.

O CAMBIO MEDRA NOS LIBROS

E aquí temos moitos libros para che recomendar:

A tartaruga Amodovou

Paula Carballeira

Ilustracións de Ana Seixas

+6

Amodovou é unha tartaruga. Cada tartaruga, como cada persoa, ten o seu propio ritmo. Cando aprendeu a camiñar, Amodovou soubo que quería percorrer o mundo para sentir a súa música. E os paxaros, que de melodías entenden moito, foron acompañándoa na viaxe. Amodovou vai descubrir que ás veces é moi difícil ir sempre cara adiante, pero ela, valente e destemida, debuxará un sorriso na súa cara engurrada e escollerá o seu destino.



+6

Nube de neve

Xabier P. Do Campo

Ilustracións de Xosé Cobas

Dous grandes da creación, Xabier P. Do Campo e Xosé Cobas, advírtennos dos perigos derivados de non respectar os ciclos da Natureza. Con elegancia, lirismo e desbordante capacidade de imaxinación, convídannos a reflexionar antes de actuar de xeito irresponsable e egoísta. Unha nova e fermosa edición para unha obra literaria de lectura obrigada tanto pola súa forma coma polo seu contido.



+8

O que nunca che contaron

María Canosa , Kike Gómez

Ilustracións de Dani Padrón

Cres que as ideas se acenden coma lámpadas, sen máis?

Nunca te preguntaches por que o solpor pode ter todas as cores que imaxines?

Observaches o ceo á noite e non fuches quen de ver o po de estrelas?

Quen inventou o baile das bolboretas?

E... de onde tiran a inspiración os magos?

Ao que descubras os segredos que agochan estas páxinas, verás o que acontece ao teu redor de xeito diferente.

O xeito das froitas

María Reimóndez

Ilustracións de Alicia Varela

Iris é unha rapaza diferente, pouco ten que ver co resto da xente, pero a ela tanto lle ten. A súa relación coas froitas é especial grazas a unha mazá de peluche que cada noite a leva de viaxe. Cando a nai e o pai de Iris perden o traballo, as froitas axúdala a comprender que os cambios poden ser o camiño cara a un novo comezo.

+8



Ano novo, cuarto novo ou renovado

Dámose che algunhas ideas para que, mentres coidas do planeta,
poidas redecorar o teu cuarto reutilizando materiais.

Podes fabricar a primeira letra
do teu nome para poñela
na porta.

Decora
o teu cuarto
cunha pouca
vida vexetal.

Constrúe
unha tormenta
de cores.

Non máis envases
de usar e tirar
para gardar o bocadillo.
Fácil, sostible
e personalizado!

Se che vai a marcha,
fabrica unhas maracas
e acompaña a túa canción
favorita.



**PARA A ENTRADA
AO TEU CUARTO**

Alto! Este é o meu espazo

Que necesitas:

- *Cartón reutilizado*
 - *Tesoira*
 - *Las ou fíos*



1. **Debuxa** en gran tamaño a letra inicial do teu nome nun cartón, reutilizando unha caixa de cereais, por exemplo.
Recorta.
 2. **Envolve** coa la toda a superficie da letra. Podes facelo cunha soa cor ou combinando varias.
 3. Cando rematas, **ata** a punta para que non se desarme, e para poder colgala **deixa** un cabo máis longo.
 4. Podes colgalo na porta do teu cuarto ou onde más che guste.

2022, Sanoma Infantil y Juvenil, S. L. Oqueleo é unha marca rexistrada, directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Infantil y Juvenil, S. L.



Marcarás o teu territorio.


Que caian pingas áínda que non chova!

Con este móbil terás unha tormenta á túa medida.


Que necesitas:

- *Tubos de papel hixiénico*
- *Tesoira*
- *Témperas e pinceis*
- *Las ou fíos*
- *Grampadora*
- *Cinta adhesiva*

1. **Corta** os tubos de papel hixiénico en aros de distinto tamaño.
2. **Píntaos** coas témperas de cores e déixaos secar.
3. **Dálles** forma de pinga apertando o aro por un lado.
4. **Corta** anacos de la ou fíos de distinto longo. Ponlle un a cada pinga e fíxaos coa grampadora.



5. **Pégaos** no marco da fiestra, poñendo as pingas separadas e a distinta altura creando unha composición.
Se non queres poñer as pingas na fiestra podes atar os fíos a unha póla seca, unha percha ou a unha nube de cartón que fagas.



Unha pouquiña vida no teu cuarto


Fabrica un testo e planta un cacto.
Non che ha pedir moito tempo!

Que necesitas:

- 1 cartón (de leite, zumo...) baleiro
- Tesoira
- Pegamento
- Rotulador
- Terra
- Cacto



1. **Corta** o cartón á altura do tapón.
2. **Lava** o recipiente con auga quente.
3. **Volve cortar** o cartón a uns 15 cm desde a base.
 Coa parte sobrante corta dous círculos para facer as orellas.
Dobra e pégaos coma na imaxe. Píntalle ao recipiente os ollos, o nariz e a boca.



4. **Pon** terra e planta un cacto. Lembra que só precisa unhas pingas de auga de cando en cando.
 Faille un burato na base por se te pasas ao regalo.



E para que non pares de ler, aquí tes más recomendacóns



+10

Unha misión para Clara

Marica Campo

Marica Campo

Ilustracíons de Estelí Meza

Clara, unha nena de dez anos criada no amor e respecto á Natureza, quere ser exploradora e visitar a selva amazónica. Non terá que ir tan lonxe porque a aventura virá visitala a ela na persoas de Nimo, un estraño personaxe que chega á súa vida dun xeito misterioso.

Despois de lle abrir a porta,
xa nada seguirá igual: Clara ten
unha misión que cumprir.

Hilario e os tres medos

Xoán Babarro

Ilustracíons de Iria Fafián

Acoso escolar, amizade, afecto, morte...
Mergúllate nesta historia e visita
as terras de Ibias para coñecer a orixe
do caxato da nosa meteoróloga.

Gañador da XIV edición do Premio Frei Martín Sarmiento.



+10

Dálle marcha!

Ponlle son, son, son axitando estas maracas.


Que necesitas:

- 3 botellas de Actimel[®]
- 3 globos
- Tesoira
- 3 bandas elásticas
- Unha presiña de lentellas, arroz e fabas



1. **Limpa e quítalles** a etiqueta aos envases de Actimel[®].
2. **Bota** nunha presa de arroz, noutro lentellas e noutro fabas.
3. **Corta** os globos pola parte da boquilla.
4. **Pon** o globo na parte aberta do bote e suxéitao coas gomas. Repíteo en cada un deles. Se queres, podes decorar as túas maracas coloreando con rotuladores indelebles ou pegando papeis de cores.
5. **Axítaas** ao compás da música e comprobarás que cada unha soa distinto.

Mira as imaxes como guía:



Ñam, ñam. O meu bocadillo sempre delicioso


Garda a túa merenda neste práctico envase reutilizable.


Que necesitas:

- 2 panos de tea
- Tesoira
- Agulla e fío
- Velcro adhesivo

1. Os panos deben medir 25 x 25 cm. Esta medida é para bocadillos de pan de molde, pero se queres podes facelo máis grande. Se prefires podes usar un anaco de tea.
2. **Pon** os panos un sobre o outro facendo que coincidan pola beira.
3. **Cose** á man todo o contorno ou se queres podes coselo coa máquina.
4. **Péchao** coma se fose un sobre e pégao con velcro adhesivo.
5. Se por casualidade se lixa, podes lavallo e volver usalo sen problema.

Mira a imaxe como guía:





Autora

Inés Burgos

Ilustraciones

Rubén Chumillas